			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	
XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Analiza a creación do estado de benestar en Europa e o seu desenvolvemento dentro do seu contexto. Contrapón a URSS														X		
XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSC	Coñece os cambios sociais en Europa despois da II Guerra Mundial. Recoñece o papel dos movementos feministas no novo papel da muller nestes cambios.														X		
XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CAA	Coñece as causas e consecuencias das diferentes crises económicas sufridas por Europa despois da II Guerra Mundial. Pode comparalas entre elas.														X		
XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSC	Estuda a España da posguerra e coñece a súa evolución social, económica e política dende 1939 ata 1975															X	
XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSC	Coñece o concepto de memoria histórica. Coñece como se utiliza este concepto en Europa															X	
XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época	ESPECÍFICO DE ÁREA/CAA	Interpreta os diferentes cambios sociais, económicos e políticos de Europa e a súa repercusión.														X		
XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CSC	Sabe o que é o Estado de benestar Coñece e comprende o positivo e o negativo do estado de benestar e como inflúe en el a evolución da economía e da sociedade europea e española.														X		
XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CAA	Coñece as causas e consecuencias do colapso da URSS e outros reximes socialistas														X		
XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Recoñece que hai distintas interpretacións da transición española.															X	



Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo esixible	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD
			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	
XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Coñece os feitos principais que levaron a España a un cambio político e social despois de 1975														X		
XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CAA	Coñece o problema do terrorismo en España, nomea algúns grupos terroristas da época: ETA, GRAPO etc. e coñece o movemento asociativo das vítimas que naceu a consecuencia do terrorismo														X		
XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Analiza a Unión Europea desde o nacemento da CEE e a súa posterior evolución, analizando as sucesivas incorporacións e os retos que se lle expoñen para o futuro.													X			
XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.	CD	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular																X
XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.	CCL	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular																X
XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.	CAA	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular																X
XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.	CSIEE	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular																X



Estándar de aprendizaxe	CC	Mínimo exigible	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD	SD
			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	
XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.	CAA	Definido na rúbrica correspondente da concreción curricular																X
XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.	CSC	Analiza o camiño da Unión Europea																X
XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.	CMCT	Compara as revolucións industriais do XIX coa actual revolución tecnolóxica																X
XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Ordea feitos históricos e comprende o seu contexto.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CMCT	Realiza liñas do tempo e mapas conceptuais	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCEC	Comprende que varias culturas poden existir simultaneamente en diferentes encaves xeográficos.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	ESPECÍFICO DE ÁREA/CCL	Cofece e utiliza o vocabulario histórico e artístico necesario.	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X




## 6 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN


**1º TRIM. 4ESO  
XEOGR/HIST ; 24  
estándares**




**2º TRIM. 4ESO  
XEOGR/HIST ; 18  
estándares**



**3º TRIM. 4ESO XEOGR/HIST  
; 28 estándares**



**4ESO XEOGR/HIST ; Núm.  
estándares: 63**



A ponderación da nota será:

<b>Contidos específicos da área</b>	Probas escritas Valoración dos traballos Caderno de exercicios, etc	Calificación x 0,82
<b>CSC</b>	Rúbrica da concreción curricular	Calificación x 0,03
<b>CCL</b>	Rúbrica da concreción curricular	Calificación x 0,03
<b>CAA</b>	Rúbrica da concreción curricular	Calificación x 0,06
<b>CD</b>	Rúbrica da concreción curricular	Calificación x 0,02
<b>CMCT</b>	Rúbrica da concreción curricular	Calificación x 0,02
<b>CSIEE</b>	Rúbrica da concreción curricular	Calificación x 0,02
<b>CALIFICACIÓN TOTAL</b>		<b>SUMA</b>

A avaliación será continua, diferenciada e integrada no proceso ensino-aprendizaxe do alumno co obxectivo de detectar dificultades, determinar as súas causas e adoptar as medidas correctoras que se estimen necesarias.

a) Avaliación inicial. Destinada a determinar o nivel e as destrezas dos alumnos a través de probas orais e ou escritas.

b) Avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Consiste na recollida de información sobre todas as actividades do alumno:

- Traballo en clase e na casa, a través da observación do alumnado, a revisión dos cadernos de actividades...
- Actividades en grupo e individuais.
- Diálogos, entrevistas, debates e demais actividades celebradas na clase.
- Seguemento do traballo diario a través de preguntas directas de desenvolvemento conceptual ou práctico.
- Comportamento e actitudes cara a materia, compañeir@s e profesora.
- Realización de probas obxectivas escritas (unha como mínimo por avaliación).



## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Teñen como obxectivo avaliar as capacidades e o traballo dos alumnos:

O docente decidirá para cada actividade cales son os criterios relevantes a ter en conta. Por exemplo nunha exposición oral son relevantes a corrección, presentación e autonomía. Nunha búsqueda de información en grupo, en cambio, a colaboración e o respecto poden ser tamén relevantes. De modo xeral serán:

### 1. Probas escritas

A periodicidade pode ser moi variable pero, en todo caso, alomenos unha proba escrita por avaliación e, a ser posible, algunha máis. Deberán ser fixadas con antelación suficiente e procurará manterse a necesaria coordinación coas outras disciplinas para evitar a concentración nunhas datas determinadas. Isto non exclúe que ó longo do curso se poidan realizar probas sen previo aviso. Normalmente nas probas escritas os contidos a avaliar serán os traballados no período inmediatamente anterior aínda que determinados conceptos e procedementos que se consideran básicos (vocabulario, mapas xeográficos ou temáticos, esquemas/resumo de unidades didácticas, técnicas de análise, comentario e explicación de documentos, etc.) poidan ser incluídos ao longo de todo o curso. As probas que se fagan poderán incluír preguntas relacionadas con algunha actividade complementaria ou extraescolar organizada polo departamento, sempre que asista todo o alumnado, de xeito que se poida avaliar o grao de atención do alumnado durante a actividade.

### 2. Caderno do alumnado

Debe reunir unhas condicións mínimas de organización, limpeza, lexibilidade, ortografía e composición correctas, etc. Valorarase tanto a correcta execución das actividades como a presentación, a orde e as anotacións feitas con rigor expresivo e científico.

### 3. Traballo individual

Neste aspecto pretendemos valorar a participación dos alumnos na marcha da clase e o seu traballo individual.

Na aula valoraremos o interese polas actividades, preguntas que fai, respostas ás preguntas do Profesor ou dos compañeiros, actitude e participación, o interese por coñecer. Terase tamén en conta a actitude de respecto cara os demais membros da comunidade escolar, respecto á quenda de palabra, ás normas de convivencia, coidado do material, etc. Procurarase que a valoración deste apartado sexa sempre positiva, é dicir, que o alumno saiba que unha porcentaxe da súa cualificación estará reservado a este apartado.

Fóra da aula valoraremos as diversas actividades propostas polo docente para realizar na aula e, ou, na casa.

### 4. Actividades e traballos complementarios

En tódolos niveis establécese algunha actividade complementaria que ten que realizarse na súa meirande parte fóra da aula (ficha resumo de lectura de libros, ficheiros de información periodística, investigacións sobre o contorno, recompilación e tratamento de información variada, etc.). Haberá unha actividade grupal por trimestre que tamén se terá en conta na calificación de dita avaliación. Valorarase nestes casos o rigor no manexo da información, a orixinalidade do prantexamento, o coidado na redacción e presentación e o cumprimento dos prazos previstos. Teranse en conta, asemade, as contribucións



voluntarias daqueles alumnos que esixen ampliar os seus coñecementos e mellorar a súa cualificación final e o traballo realizado nos cadernos individuais de cada alumno.

### Criterios de cualificación

Para a obtención da cualificación ou nota final da avaliación, a valoración dos estándares será variable.

A cualificación de cada avaliación será a suma da cualificación das probas escritas e da cualificación das actividades diarias recollidas no caderno, en documentos separados e en intervencións orais. Na cualificación final da avaliación contará tamén a realización dunha actividade en grupo, un pequeno dossier ou traballo de investigación realizado en diferentes formatos, estas actividades complementarias en grupo.


Unha avaliación considérase superada cando se acade a puntuación de 5 sobre 10. Aqueles alumnos que ao rematar o curso non teñan acadado o grao mínimo de consecución nos estándares de aprendizaxe serán avaliados negativamente.

Teremos presente, asemade, as seguintes consideracións:

- - É imprescindible, para superar positivamente a avaliación, que a nota de cada unha das probas escritas ou orais que os alumnos realicen durante cada período de avaliación, sexa como mínimo de 3 (sobre 10)
- - Será obrigatorio entregar realizadas todas as actividades e traballos complementarios. A presentación fóra de prazo destas actividades suporá que non sumará á cualificación da avaliación. A non presentación suporá un suspenso na avaliación.
- Revisaráselle o caderno alomenos unha vez por avaliación. Terase en conta a realización dos exercicios e actividades propostas así como a orde e limpeza. Revisarase o día das probas escritas, se ese día non o trae a nota será 0.
- Se nalgunha proba se detecta algún comportamento fraudulento (falar cos compañeiros, cambio, copia...) esa proba quedará suspensa cun 0 e non será recuperable. Se o comportamento fraudulento é na proba extraordinaria de setembro suspenderá toda a materia.
- A falta significativa do material necesario e solicitado para utilizar na aula será cualificada negativamente o mesmo que as faltas de ortografía, caligrafía e a deficiente presentación noas actividades propostas pola profesora e realizados polos alumnos. Poderá baixar a nota da avaliación ata un 10%.
- Terase moi en conta as capacidades persoais de cada alumno/a e o esforzo realizado para superarse, esixindo a cada un/unha segundo as súas posibilidades e capacidades. Non debemos esquecer que a avaliación é individualizada.
- - A falta a unha proba escrita e/ou oral por enfermidade ou outra causa debe ser comunicada ao profesor, e no seu defecto á Xefatura de Estudos. Nembargantes, o alumno que falte a unha proba escrita e/ou oral, deberá presentar ao profesor a xustificación correspondente dentro das 48 horas seguintes á súa incorporación á clase. De non ser así, a cualificación no exame será de 0, e non será recuperable.
- A calificación final de curso, ou avaliación ordinaria, será a media aritmética das calificacións das tres avaliacións. Non se fará esta media con menos de 3 puntos na calificación das avaliacións. Para superar a materia a nota media total deberá ser, como mínimo, un cinco;



## 7 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE: PERFIL DE ÁREA



## 8 AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Durante as primeiras semanas de clase, faranse actividades de comprensión e expresión seleccionadas para comprobar en que medida se posúen as competencias necesarias para o seguimento da programación. Unha vez correxidas as actividades a docente adecuará o nivel de esixencia dos estándares de aprendizaxe ao nivel de competencias rexistradas no alumnado. Así mesmo contará coa información pertinente para, unha vez contrastada cos outros membros da xunta de avaliación inicial, decidir que medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade deberá aplicar.

Os instrumentos para realizar dita avaliación pode ser un ou varios dos seguintes:

- Observación sistemática.
- Entrevista oral.
- Cuestionario.
- Análise de producións escritas.
- Proba específica.



## 9 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

---

O principio pedagóxico rector é o tratamento individualizado do alumno/-a. A individualidade dos alumnos tradúcese na existencia de intereses propios, capacidades nun nivel de desenvolvemento desigual, un ritmo de aprendizaxe diferente, etc. Esa individualidade, conxugada coa igualdade de oportunidades, obriga ó profesor a incorporar na programación medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.

As medidas ordinarias non requiren autorización do servizo de inspección. Estas medidas pretenden:

- a) Minorar os casos de retraso con respecto ó grupo.
- b) Favorecer o desenvolvemento axeitado daqueles alumnos que se atopan por riba da media do grupo.

O reforzo educativo implica facer modificacións sobre os elementos non prescritivos do currículo (metodoloxía, secuencia e organización dos contidos, secuencia e tipo de actividades, agrupamentos na aula, deseño de actividades de reforzo, instrumentos de avaliación adaptados...). A flexibilidade metodolóxica é un principio clave na atención á diversidade de todo o alumnado.

As medidas extraordinarias son medidas que requiren autorización do servizo de inspección. Están dirixidas aos alumnos cuxas necesidades educativas non foron satisfeitas coas medidas ordinarias.

A adaptación curricular significativa individualizada implica a modificación dalgun dos elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación). A causa da adaptación pode vir dun problema serio en capacidades instrumentais (comprensión lectora, dificultades visuais ou motoras). En todo caso actuarase sempre en colaboración co Departamento de Orientación.

A adaptación para aqueles alumnos cunhas capacidades e intereses por riba da media do grupo tenderá a soster a motivación e a incrementar os seus coñecementos, así como a desenvolver as capacidades actuais.

Neste curso hai un número chamativo de alumnado que pasa a 2º con pendentes ou ben por obriga e con moitas pendentes, isto será unha dificultade engadida á materia. Non hai previstas Acis

## 10 ACTIVIDADES DE REFORZO E DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

---

### Actividades de recuperación no curso ordinario:

Despois de cada avaliación realizarase unha proba de recuperación global da anterior avaliación, excepto na terceira que se fará antes do final da 3ª avaliación. As probas serán realizadas sobre 10 puntos. A proba poderá ser oral e, ou escrita. Aprobarase a avaliación cunha cualificación igual ou superior a 5 em dita proba. A docente poderá substituír estas probas por outro tipo de actividades.

No caso de avaliacións non superadas por non ter entregadas actividades complementarias a entrega destas, no prazo acordado, suporá a recuperación da calificación.





Non se fará unha recuperación global en xuño, sexa de toda a materia ou das avaliacións suspensas (xa hai unha recuperación por avaliación).

#### Procedemento de avaliación extraordinaria

O alumnado con cualificación negativa en xuño efectuarán un exame en setembro de toda a materia. A proba consistirá nunha proba escrita sobre 10 puntos. Tamén podería combinarse a proba escrita coa realización de actividades, éstas terían que entregarse no prazo proposto pola docente e avaliaríanse sobre 10. Neste último caso a ponderación sería:

- 80% proba escrita
- 20% actividades

No caso de facer so unha proba escrita a calificación de setembro, ou extraordinaria, será a da proba extraordinaria de setembro.

#### Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Nas **materias pendentes doutros cursos** realizarase seguimento ao longo do curso ben por avaliacións ou ben dividindo a materia en dúas partes. Realizarase unha proba escrita de cada parte (sobre 10) correspondente á materia que o profesor determine para cada parte. Ditas probas poderían ser substituídas coa entrega de traballos ou actividades que o profesor proporcionará aos alumnos/as que teñan a materia pendente doutro curso e que o alumno/a deberá entregar no prazo que estableza o docente. Tamén poderían combinarse as probas e as actividades. Neste caso a ponderación sería 70% da cualificación a proba e 30% as actividades.

No caso de non presentarse á proba ou non entregar algún dos traballos ou actividades propostas polo docente o alumno/a terá a obriga de facer a proba final de maio con toda a materia. As datas por avaliación serán propostas polo docente, as datas de avaliación por semestres e a final de maio son propostas pola dirección do centro.

Poderase esixir ao alumn@ que asine un comprobante de que se lle entregaron as actividades e o libro, e de que o alumno/a o acepta, para no caso de non cumprilo, ter esa referencia do acordado.

Non obstante, o profesor poderá levar a cabo outras formas de recuperación mediante as fórmulas que considere máis adecuadas ás características dos seus alumnos e as súas dificultades.

A calificación final será a media aritmética das calificacións das tres avaliacións ou das dúas partes non facendo media con menos de 3 puntos

Realizarase unha proba final con toda a materia pendente nas datas acordadas polo centro (sobre 10). A calificación final será a acadada en dita proba.



## 11 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

---

O departamento plantexará coa suficiente antelación ao coordinador de extraescolares a realización de actividades complementarias e extraescolares.

O Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia está aberto a novas propostas e colaborará nas viaxes de estudos e actividades que programen outros departamentos na medida en que o permitan os recursos económicos e humanos do noso departamento.

Participará e, ou apoiará tamén en todas as actividades realizadas no centro para conmemorar todas as efemérides como o día da paz, a semana do libro, das letras galegas...

## 12 PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

---

Sempre debemos ter en conta que a programación ten que contrastarse coa posta en práctica diaria polo que é susceptible de modificación.

Durante a práctica docente o profesor debe detectar o grao no que o alumnado adquire os contidos e os posibles fallos ou defectos da programación (desmotivación, significatividade da aprendizaxe, interese por outros aspectos menos tratados...). Todos estes son factores que hai que ter en conta á hora de avaliala programación, co fin de mantela, melloralala e, en todo caso, reformala e adecuala para a completa consecución dos obxectivos.

Así serán obxecto de avaliación: os obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e materiais, procedementos e instrumentos de avaliación, etc..

Sempre resulta conveniente escoitar a opinión dos usuarios. Neste sentido é moi interesante proporcionar ao alumnado unha vía para manifestar a súa opinión sobre algúns aspectos fundamentais da asignatura. Normalmente utilízase una sesión informal em que intercambien opinións ou ben unha sinxela enquisa anónima para que o alumnado poda opinar con total liberdade.

Periódicamente revisaranse a adecuación da programación á práctica docente. Os indicadores, do item anterior, serán a guía para adoptar os cambios oportunos.

### INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO



	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

### INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				



4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				